

XI Encontro da Mocidade Investigadora

Bases de participación

O Encontro da Mocidade Investigadora (EMI) é unha actividade de carácter aberto para calquera persoa matriculada nun programa de doutoramento das tres universidades galegas e os seus diversos campus. O seu fin é promocionar a investigación entre a xente nova en calquera campo de coñecemento e facilitar un foro axeitado no que poidan expoñer os seus traballos. O encontro terá lugar os días 10 e 11 de xuño de 2024 de forma presencial con sede na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

1. Participantes

Poderá participar no EMI calquera persoa de calquera idade e nacionalidade matriculada nun programa de Doutoramento da USC, da Universidade da Coruña e da Universidade de Vigo.

O requisito de ter formalizada a matrícula nun programa de doutoramento nalgunha das tres universidades **é obrigatorio**.

A continuación, pódense consultar os programas de doutoramento da USC nas áreas de [Artes e Humanidades](#), [Ciencias](#), [Ciencias da Saúde](#), [Ciencias Sociais e Xurídicas](#) e [Enxeñaría e Arquitectura](#).

No caso de programas de doutoramento interuniversitario tamén poderá participar o alumnado matriculado nas devanditas universidades.

2. Inscripción

A inscrición será gratuíta.

As linguas principais para presentar aportacións científicas (comunicacións orais ou pósteres) serán o galego e o castelán. Nos campos de coñecemento nos que a lingua habitual para a difusión das investigacións sexa o inglés, poderase participar en dito idioma, ben sexa mediante a presentación dunha comunicación oral ou dun póster. O XI Encontro da Mocidade Investigadora admite igualmente a



participación mediante comunicacións orais e pósteres en calquera das linguas modernas que son obxecto de estudo ou integran os plans de estudos ofrecidos nas Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (Grao en Linguas e Literaturas Modernas e Grao en Lingua e Literatura Inglesas), da Universidade da Coruña (graos en Inglés, Portugués e programas de Simultaneidade) e da Universidade de Vigo (Grao en Linguas Estranxeiras e Grao en Tradución e Interpretación). Este recoñecemento restrínxese, non obstante, a aquelas contribucións científicas levadas a cabo por persoas cuxa tese se estea desenvolvendo nunha das linguas modernas que se integran nos devanditos plans de estudo: alemán, francés, inglés, italiano e portugués.

Admítense as contribucións nas devanditas linguas, pero recoméndase, en aras da difusión e intercambio científico, o uso do galego ou castelán.

Poderase participar no EMI como asistente, como poñente dunha comunicación oral, ou presentando un póster. Só se admitirá unha contribución (oral ou póster) por persoa participante vencellada á tese doutoral.

As persoas que asistan ao congreso sen realizar contribucións, obterán un certificado acreditativo de asistencia.

No caso de presentar unha comunicación (oral ou póster) froito dunha investigación en coautoría, só se entregará o certificado de participación e asistencia á persoa que presenta a comunicación.

As persoas que participan comprométese a tomar parte nos actos programados para o EMI. A organización controlará a súa asistencia e, no seu caso, poderá negar a entrega do certificado. Así mesmo, a participación no EMI supón a total aceptación das presentes bases.

A inscrición farase a través dun formulario de inscrición en liña. No formulario indícase se se acudirá ao congreso como asistente ou para facer unha presentación. Seleccionarase unha destas dúas alternativas: presentación oral ou póster, e enviarase un resumo do traballo elaborado. O resumo debe seguir estritamente o modelo que se pode descargar na páxina oficial do XI EMI: <https://www.usc.gal/gl/centro/escola-doutoramento-internacional-usc/eventos/encontro-mocidade-investigadora>



Está dispoñible un [formulario](#) común para as persoas matriculadas na USC, UDC e UVigo. Tras encher este formulario deberán enviar o resumo á conta de correo: xi.encontro.mocidade.investigadora@usc.es en formato Word ou similares e co nome "NomeApelidos_Resumo".

O prazo para entregar a documentación e enviar o formulario comeza o **12 de abril e remata o 10 de maio de 2024**.

As comunicacións serán obxecto de publicación nun libro de resumos, que se imprimirá a través do sistema de publicacións da USC e que será remitido ás persoas participantes.

3. Resumo

Os resumos, que terán unha extensión máxima de 250 palabras, enviaranse ao correo electrónico tras cubrir o formulario de inscrición. Será necesario incluír:

- Título do traballo (máximo 20 palabras).
- Autoría.
- Área de coñecemento.
- Palabras chave (obrigatorias, máximo 3).
- Figuras (opcional, máximo 2).
- Referencias (opcional, máximo 5).

Todas as figuras, en caso de habelas, deben levar unha descrición e estar mencionadas no texto. Todas as referencias, en caso de habelas, deben seguir o formato do modelo e estar mencionadas no texto.

Os resumos das contribucións científicas serán con carácter xeral en galego ou castelán. As persoas que desexen publicar o seu resumo nalgunhas das outras linguas recoñecidas (alemán, francés, inglés, italiano, portugués) con independencia de que manteñan o uso da devandita lingua estranxeira na presentación da súa comunicación oral, deberán enviar unha tradución no idioma elixido e manifestar que esa é a versión que desexan que se publique no libro de resumos.

4. Tipos de comunicación



4.1. Comunicacóns orais

As comunicacóns orais non excederán os 5 minutos, e irán seguidas dunha quenda de preguntas de 3 minutos.

Recoméndase que estas comunicacóns se acompañen dunha presentación no formato desexado pola persoa participante. É responsabilidade das persoas participantes respectar o tempo límite indicado. O idioma no que se imparta a charla debe coincidir co idioma no que estea escrita a presentación e co idioma no que se enviou o resumo.

4.2. Póster

Os pósters agruparanse, na medida do posible, por áreas de coñecemento, e asignaranse quendas por participante e panel. As persoas que opten por esta modalidade deberán estar presentes explicando o seu póster na quenda que se lle asignou e respondendo ás preguntas que se lle formulen. O horario das presentacións indicárase no programa definitivo.

É responsabilidade das persoas participantes a impresión e colocación do póster o primeiro día do encontro, así como a súa retirada o último día.

A organización proporcionará material adhesivo e soportes para a colocación dos pósters. O criterio de estrutura e deseño dos pósters será o seguinte:

- Dimensión A1.
- Título.
- Autoría.
- Escola e programa de doutoramento.
- Correo electrónico de contacto (recomendado).

Os textos e ilustracións deben estar ben visible e suficientemente destacados, de modo que poidan lerse a un metro de distancia.

5. Proceso de selección e avaliación

No formulario de inscrición indicárase o tipo de presentación desexada (oral ou póster). A selección das comunicacóns farase tendo en conta a creación dun programa equilibrado para o EMI, así como o número total de asistentes.



- O criterio de preferencia será a orde de inscrición.
- A aceptación da comunicación notificarase o **24 de maio de 2024**.

6. Dúbdas e aclaracións

Todas as dúbdas e cuestións que se queiran expor á organización remitiranse ao seguinte enderezo de correo: xi.encontro.mocidade.investigadora@usc.es, indicando os datos de contacto da persoa remitente.

Os correos deben enviarse de forma individual e nunca en resposta a correos de difusión de información que se poidan recibir dende a conta de correo do EMI.

